

PREGÓN DAS FESTAS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA DO ANO 2008

Pronunciado polo mantenedor

DR. XOSÉ MARÍA PENA LÓPEZ

Maxestades, princesiñas, excelentísimos señores, forasteiros e vilalbeses todos:

O carrusel das nosas vidas, traendo e levando ilusións e desenganos, deu unha vota máis e, aquí temos, cheo de anhelos mais tamén de nostalxias, outro San Ramón.

Hoxe, ás doce da mañá, o estrondo das bombas de palenque, fendendo o espazo e dispersando os aloucados paxaros que revolotean polo ceo de Vilalba, remata de anunciar o renacemento dunha magna celebración no espírito de todos os vilalbeses, xa que estas explosións non son nada máis, coma nun aturuxo, ca expresión sonora da desbordantes ledicia que o invade e o repique de campás, ca estoupidos sucede, non é outra cousa que o latexar que voltea os corazóns vilalbeses nas festas de San Ramón.

Mais esta carga de emotividade, na alma de todos os vilalbeses presentes, con ser tan intensa, non ten parangón, podo testemuñalo, coa que senten os vilalbeses ausentes.

Por iso, onde queira que haxa un vilalbés, aínda que sexa no último recuncho do mundo, terá morriña, con toda seguridade, neste día tan grande e luminoso, nas nosas almas, como o fulgor dunha primaveral aurora.

Ah! O día de San Ramón! Día de ledicia buliciosa para os nenos, de prometedora ilusión para os mozos e, sobre todo, doce lembranza para os maiores. Por esta razón para os que, este ano, con noso non están, e, sobre todo, para os definitivamente ausentes, nesta vida, que non, nos nosos corazóns. Para eles, para os que fisicamente polo menos non puideron presenciar o desfile da raíña e as dúas damas que, co seu donoso paso e o seu gracioso garbo, protagonizan coa súa fermosa estampa a comitiva; evocando, co donaire dos seus andares o das señoritas, nos seus paseos pola antiga rúa Real, tal e como o reflicte a inmemorial canción vilalbesa dos cesteiros que a miña nai, aprendida da súa segunda familia, a familia Freire Taibo, nos ensinou así:

Cando imos á vila pola rúa Real
vemos as señoriñas sentadiñas no portal;
empolveiradas saen ó mirador
falando polos dedos as palabriñas de amor.

*E van pola rúa, triquiliquí,
parecen rosas do mes de abril.*

Mais nós imos tamén, mais nós non somos ninguén.
Somos pobres cesteiros, cestos a compoñer,
chamamos as mulleres, pra que nos veñan ver.

*E van pola rúa triquiliquí,
parecen rosas do mes de abril.*

Por eles, dicía, polos que, tampouco, poderán asistir á solemne, aínda que entrañable, procesión de San Ramón, nin ás alegres verbenas, nin escoitar a nosa banda de música, nos seus harmoniosos e vibrantes concertos, nin os evocadores pasacalles dos nosos grupos folclóricos; nin gozar desa auténtica ofrenda ós deuses familiares que convoca a todos os membros dunha mesma familia, e, os seus amigos, ó redor do xantar do día trinta e un; nin, tampouco, animar o noso Racing no seu setenta e cinco aniversario, nese día, para que a súa vitoria non sexa nada máis que o preludio da vitoria final: o retorno á terceira división como corresponde á súa dilatada e brillante historia e ó entusiasmo sen límites do seu creador, ese gran vilalbés que foi don Francisco Roca, alento que, traspasando co seu ímpeto os ceos, poñerá ás no corazón e nas pernas dos nosos xogadores.

Despois desta inescusable lembranza procede, absoluta e inmediatamente, felicitar ás raíñas e ás súas damas —que para min son princesas— polo seu nomeamento e tamén ós gañadores do certame, polos seus premios, dos que poden sentirse especialmente orgullosos e orgullosas por seren outorgados dende Vilalba, cuxo señorío e riquísima tradición cultural son tan evidentes e significativos que eu trataría ós vilalbeses coma fidalgos, no seu sentido etimolóxico máis propio, isto é: como fillos de algo, segundo se desprende do que logo relatarei.

Moitas veces, por non dicir case sempre, nas festas de San Ramón, pensamos máis, paradoxalmente, nas festas ca no San Ramón, máis na homenaxe festiva para co santo ca no propio santo; máis na homenaxe que no homenaxeado. Hora é xa, pois, de darlle ó bo de San Ramón, no pregón das súas festas, o protagonismo que, naturalmente, lle corresponde a este catalán e cardeal que é o noso Santo Patrón, e grande santo que é San Ramón —aínda que o tamaño da imaxe, que mañá volverá saír en procesión desde o ano

mil oitocentos sesenta, acollida polo fervor e devoción dos vilalbeses, permita que o sintamos coma San Ramonciño, o noso santiño—; grandeza aquela que se pode predicar da súa santidade sen hipérbole, dado que a súa personalidade —reflectida nos símbolos que porta a súa imaxe nas mans: nunha, a custodia, e a palma do martirio na outra— participa dunha constante dirección divina.

Deus participa xa, no nacemento de San Ramón —a súa vertente máis coñecida— quen nace milagreiramente despois de morta a súa nai —de aí o apelido de «non nato», é dicir, non nado—. Pero Deus participa, tamén, na súa vida, na súa morte e, aínda, despois desta. Na súa vida porque, para que puidese orar ante a ermida de San Nicolás, os anxos alindábanlle o gando; porque foi a mesma Virxe a que lle ditou o mandato de entrar na orde da Mercé coa finalidade de redimir os cativos en terras de infieis e tamén a de converter a estes; e na súa morte, xa que estando a piques de morrer sen poder ser asistido sacramentalmente, de súpeto, apareceu unha columna de mercedarios de hábito branco para subministrarlle a Eucaristía nos seus derradeiros momentos da vida. E tamén dicíamos despois da súa morte, xa que, disputándose sobre o seu lugar de enterramento entre a familia nobre que o adoptara e os membros da Orde, procedeuse a depositar o seu cadáver ó lombo dunha mula cega que o transportou, sen vacilar nin un só momento, ata a ermida onde sempre orara ó longo da súa vida en Cataluña: a ermida de San Nicolás.

Vilalba ten, pois, como santo Patrón un gran santo; pero San Ramón tamén ten como patrocinado un gran pobo.

Vilalba, comprendida primeiro no condado de Montenegro co nome de Santa María, en terras de Vilarente, non aparece, non obstante, co seu nome actual ata mediados do século XIII.

Mais este nome de Vilalba, é totalmente novo, como parece que procede considerar, dende a súa raíz etimolóxica, en base ó sufixo

«alp-» en cuxo caso alba viría significar «alta»? ou, seguindo a lenda, vense referir dalgunha maneira, ó sedicente nome, segundo aquela, de «monte branco» —substituído aquí o monte por «vila» de Vila-rente e o de branco polo de «alba» latino— tal e como o conta a lenda que o chamaba a nai que, perdendo a todos os seus fillos na guerra, o maldicía nestas palabras (que poderían derivar das que figuran aínda no pináculo do altar da capela de San Roque) «Monte Blanco, Monte Blanco, Monte Negro tú has sido para mí»?

Mais sexa o que for, Vila Alta ou Vila Branca, Vilalba sempre foi unha vila prominente, tanto durante o réxime señorial coma tamén cando, periclitado este, foi substituído por unha nova orde xurídica socio-política e, tamén, económica.

Na época señorial, Vilalba, foi bandeira dos Andrade que a recibiron por doazón de Pedro I, ratificada por Enrique II, e do seu condado, que non por casualidade recibe o seu nome: condado de Vilalba. E non creo que o título de condado sexa casual: primeiro porque de todo o seu territorio, que podería configurarse coma un triángulo coa súa base entre Ferrol e Betanzos, Vilalba era o seu vértice, gardándoo coa fortaleza máis imponente de todo o condado, defendida ademais de polas murallas, que cinguían as más de dúas hectáreas, con capacidade para acuartelar ata setecentos home, por seis torres e a maxestosa e artística torre octogonal da homenaxe; e flanqueada, dun lado, polo río Madalena, salvado unicamente pola ponte que desembocaba nunha intensa pendente ascendente cara a ela, e dos outros, resgardándoa, pola serra da Carba e pola perfecta visibilidade dunha longa planicie da Chaira. En segundo lugar non creo naquela casualidade, e menos nunha época teocéntrica, porque a través desa fortaleza, discorría o camiño Norte de Santiago, que entraba pola Porta de Cima, deixando á súa dereita o hospital para peregrinos de Santa Catarina e a igrexa románica de Santa María, pasaba pola praza Maior e a rúa Principal, e desembocaba, pola porta da Ferrería ou de Abaixo, no camiño real, antes de

acadar, pasando polo rolo ou picota dos condenados, na ponte da Madalena, para ir, pagando o correspondente portádego, ó cruce a carón do hospital de San Lázaro: pola esquerda ata Santiago, polo centro ata Coruña e Ferrol, e pola dereita ata Viveiro. Iso se non se quería ou non se podía —polas súas avenidas— vadear o río polos Pasos. E en terceiro lugar, o título de condado non é casual porque Vilalba era a vila máis importante de todo o condado, pois a mediados do século XV —segundo testemuño de Vasco de Aponte, recollido por García Oro—, tiña setecentos trinta vasalos, mentres que Ferrol e Pontedeume, por exemplo e tamén segundo este mesmo autor, contaban tan só con catrocentos e trescentos trinta, respectivamente.

Vilalba era, polo tanto, segundo todos estes datos, o enclave máis importante dos Andrade, aínda que residiron en Pontedeume, e os Andrade era unha das casas nobiliarias máis importantes, non só de Galicia senón tamén de España, como o demostra o feito da súa descendencia da casa feudal máis antiga e nobre de Galicia: a dos condes de Traba, un dos cales, Pedro Froilaz, foi en Galicia aio e titor de Alfonso VII, o Emperador, fugaz rei de Galicia por apoio de Xelmírez mais contra da vontade da súa nai dona Urraca; e como demostra, tamén, que o seu título pase primeiro ó conde de Lemos e logo nada menos que ó duque de Alba. Mais a dimensión nacional dos Andrade, en si mesmo considerados, logrou a súa máxima proxección coa figura de Fernando de Andrade, quen, educado na corte dos Reis Católicos, chegou a ser capitán xeneral dos seus exércitos ós vinte e seis anos, na batalla librada nos chans de Seminara, da rexión italiana de Reggio Calabria, o día 21 de abril de 1503, na que, aínda sendo inferiores ós infantés e cabaleiros franceses en número de seiscentos, logrou derrotalos clamorosamente despois de poñer de fuga ó prestixiosísimo xefe das foras francesas: o señor de Aubigny, e ter preso tanto a este coma todos os seus capitáns, como nolo lembran as dezoito bandeiras esculpidas nos frontispicio da igrexa de Santiago de Pontedeume. Vitoria que pro-

vocou os celos nada menos que do Gran Capitán quen, precisamente tamén en Seminara, uns anos antes sufrira a súa primeira e derradeira derrota, segundo nolo refire, a século e medio de distancia, un frío e analítico Jerónimo de Zurita: «Fue esta batalla una victoria de las más señaladas y famosas, porque en ella fue vencido un tan famoso capitán, que con tanta fama quedó vencedor de la guerra pasada» Sen embargo da posición de Fernando de Andrade na corte non só son significantes os seus títulos —conde de Vilalba herdado de seu pai e conde de Caserta gañado en Italia— e os seus feitos de armas, senón tamén a súa íntima amizade co que fora confesor da Raíña Católica, un intelectual e gobernante da talla do cardeal Cisneros.

En conclusión, o condado dos Andrade correspondía, xa a unha casa con grandeza de España, ademais na gran España a cabalo dos séculos XV e XVI, e o título que empregaban non era o de conde de Caserta, senón o de conde de Vilalba, por considerar que este era o enclave máis importante do seu condado.

Mais esta grandeza de Vilalba non quedará, como aconteceu noutras vilas e cidades, relegada a unha mera páxina da súa historia, senón que, precisamente, a raíz da Constitución de 1812, coa abolición do réxime señorial e como consecuencia desta, cando do alto da forza e daquel rolo ou picota só queda o nome, cando se deixa de pagar o pontádego para pasara pola ponte da Madalena e a casatulla do conde deixa de selo por suprimiren os pechos e tributos do gran, cando o condado se organizaba en partido xudicial, cando os vasallos de Vilalba se converten en cidadáns, producírase o momento en que os vilalbeses, ó poder facer aflorar a súa personalidade, empecen a ser protagonistas, da súa propia historia primeiro, e da de Galicia e de España despois.

Foi así como empezaron a proliferar manifestacións culturais, intelectuais e artísticas de toda índole, protagonizadas por pintores, actores, compositores, dúas bandas de música —a dos Matos e a

dos Longos— multitude de xornais —ata once—, escritores en prosa e en verso... A título de exemplo, e para evidenciar que esta descrición non constitúe un mero exercicio de autocompracenza. Antonio García Hermida ocupaba, cunha colaboración súa o día 21 de xullo de 1911, a sección central da primeira páxina de «La Voz de Galicia». E o seu fillo, o inesquecible e insuperable poeta José Luís García Mato, recollendo a herdanza cultural paterna e a riquísima, en todos os eidos artísticos, dos Mato recibida por vía materna, non só colaboraba asiduamente no xornal «El Progreso» de Lugo cos seus artigos, senón que as súas publicacións acadaron, como é sabido, merecido recoñecemento en toda Galicia. E, no eido nacional, constitúe un estelar expoñente da tradición cultural vilalbesa a concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil ó vilalbés Agustín Fernández Paz.

Así mesmo, xa no eido musical, pode testemuñarse que os coñecementos musicais estaban tan estendidos que era tan difícil atopar unha familia que non tivera alguén que tocara algún instrumento, como camiñar polas súas rúas sen escoitar algún piano. Desta extensión e intensidade de coñecementos musicais, e o conseguente espírito crítico, neste eido, constitúe un feito significativo que ata o bo de Mingón, contaxiado por este, ousara emitir, como é lóxico desde a súa simpleza mental, cando era interrogado sobre da actuación musical de turno, invariablemente, este monocorde e, aínda que disparatado, crítico ditame: «Algo escueto, sonido muy vetusto, carente de detalles».

Semente cultural aquela que, sementada a partir do século XIX, frutificou nos séculos XX e XXI nos Institutos, no Conservatorio, no Instituto de Estudos Chairegos, no Museo, na Banda Municipal, na Escola Municipal de Teatro, na Masa Coral e nos distintos grupos folclóricos enxebres e charangas. Todo iso como natural expresión da admiración e respecto que os vilalbeses senten polo saber, pola arte e pola cultura. Sen eles, xunto co espírito de emulación, e a protección, por selo de ben nados, do noso Patrón, sería

inexplicable a constelación de homes de pro, fillos de Vilalba, que fixeron posible que esta, mais agora polos seus homes e non polos seus donos, entrase triunfante non só na historia de Galicia senón tamén na de España.

De Galicia xa que de Vilalba foron: os Presidentes da súa Xunta, Parlamento e Audiencia Territorial —hoxe Tribunal Superior de Xustiza de Galicia—, o Reitor e o Arcebispo de Santiago, respectivamente os excelentísimos señores Don Manuel Fraga Iribarne, Don José M^a García Leira, Don Andrés Basanta Silva, Don Darío Villanueva e a Súa Eminencia Don Antonio M^a Rouco Varela. Así como tamén o é a Súa Ilustrísima o Bispo de Lugo, Don Alfonso Carrasco Rouco. Como de Vilalba era tamén un dos próceres máis significativos do galeguismo, o Ilustrísimo Señor Don Lois Peña Novo. E de España, xa que os Marqueses de Pallares, nados en Penas Corveiras, foron Deputados en Cortes, un xa nas de Cádiz, e Senadores do Reino, porque o seu parente, Santiago Basanta Silva, participou no Goberno de España como Subsecretario de Facenda; porque a Don Manuel Fraga ninguén lle pode cuestionar o seu protagonismo na historia de España, xa sexa como Ministro do seu Goberno, como Embaixador de España, como Presidente-Fundador do Partido Popular e hoxe, como Senador do Reino. Postos todos desde os que se constituíron nos máximos benfeitores de Vilalba. Máis tamén porque Eugenio Díaz Eimil logrou pertencer primeiro ó Tribunal Supremo e logo ó Tribunal Constitucional, máximo intérprete da nosa Constitución, como Maxistrado. E porque aquel reitor foi elixido recentemente Académico Numerario da Real Academia da Lingua Española. E aquel Arcebispo foi elevado ó rango de Príncipe da Igrexa no Arcebispado de Madrid e reelixido actualmente Presidente da Conferencia Episcopal de España.

Si, todo isto é así; como así é, porque xa é pura historia, a grandeza de Vilalba, tanto na época señorial como na posterior, aquela de

arriba a abaixo, esta —incluíndo a económica, pois ata o corenta por cento das empresas da Chaira son vilalbesas—, de abaixo a arriba, é indubidable. Por esta razón a predilección que sentimos, xa materialmente, in pectore, para con todos os fillos de Vilalba que procuraron a súa grandeza, debe ser recoñecida, se non o está aínda, nos correspondentes títulos e inscrita nas súas rúas e prazas ó ser rotuladas cos seus nomes e postos daqueles que a engrandeceron de xeito que, ó expresarlles así a nosa gratitude, constitúan aqueles rótulos, ademais, unha perenne lección da historia de Vilalba e, por iso, e a un tempo, da de Galicia e da de España.

Mais ante tanta grandeza é inevitable que este pregoeiro se vexa pequeneiro para realizar o seu cometido, agás que acuda ó expediente de participar nela. E a fórmula non pode ser outra que a de subliñar, con grosos trazos, a súa relación de pertenza a Vilalba. Mais o pregoeiro, aínda que quixese, non naceu, coma os seus outros irmáns, agás os dous primeiros, en Vilalba; circunstancia que, aínda que en contadas ocasións, lles foi invocada para negarlles a condición de vilalbeses; inxustamente, xa que, como é sabido, o nacemento non constitúe o único ligame que fai as persoas como pertencentes a un lugar. Ademais do «ius soli» existe o «ius sanguinis» e, se polo meu nacemento non podo ser vilalbés polo meu sangue eu si que o son. E de raíces multiseculares que afondan, como mínimo, pola parte do meu pai —segundo se pode comprobar no rigoroso libro «Vilalba no século XIX» do ex alcalde republicano Ilustrísimo Señor Peña Novo— ata a quinta xeración. Pois xa no ano 1805 Jorge Sanjurjo, bistataravó meu, era alcalde de Vilalba. Coa súa filla casou quen puxo a primeira botica en Vilalba, na praza do Pan, a carón da casa natal da súa muller: o boticario Ramón Carreira. A filla de ambos casa co notario Andrés de Olano Silva, coa casa e a notaría situadas na mesma praza. A súa filla, a vilalbesa Paz de Olano Carreira, casa con Manuel Pena Vidal, nado en Tardade, alcalde de Vilalba, Comandante Militar nesta vila durante a Guerra Civil e fundador e primeiro Director do Banco da

Coruña en Vilalba. O seu fillo, Pablo Pena de Olano, era o meu pai, non nado en Vilalba, pero constante animador festivo e cultural da vila, na que, no ano 1986, fora mantedor neste mesmo certame, como tamén o foi, a primeira raíña destas festas, miña irmá M^a do Carme, no certame do ano 2000.

Pola parte da miña nai, as raíces vilalbesas chegan como mínimo ós meus bisavós; concretamente ó avó materno da miña nai: José García “El Habanero”, segundo refire Antonio Peña, comprou en 1863 a xa inútil «casa-tulla» do conde —daquela ademais duque de Alba—, xa que facía anos que non se cobraba a renda en grao, para establecer nela non só a primeira multitenda —como se di agora— que houbo en Vilalba senón tamén a súa casa —hoxe demolida— onde sempre viviu a miña tía-avoa M^a Eustasia. A súa filla, Corsina García Montero, deu unha proba extrema da súa recoñecida bondade ó soportar, sen a máis pequena queixa, que os seus travesos netos xogasen á guerra, cos demais nenos da vila da súa xeración, na horta e alpendre da súa casa, na chamada «Palla», aínda que nunca xamais —como se escribiu falazmente unha vez— era aquela guerra infantil, causa do senvivir da miña avoa, entre roxos e nacionais, como o poden testemuñar moitos daqueles, entón nenos, hoxe aquí presentes. A miña avoa Corsina casou con Agustín López Arias, un santaballés nado no lugar do Curbel, que foi membro da Liga Santaballese, presidente do Casino Villalbés e, sobre e por riba de todo, presidente do Padroado do Hospital Asilo durante dez anos decisivos, como logo veremos, para a existencia deste. E un dos seus catorce fillos, todos nados en Vilalba, é miña nai, aquí presente, coma un axóuxere, ou sexa coma un «cascabeliño», que se Deus quere o estará por moitos anos máis.

Ascendencia Vilalbesa multiseccular arraigada polo devir histórico, curiosamente, nun mesmo espazo: a chamada praza do Pan. Alí estaban as distintas casas de todos, agás a de meu avó Agustín, que estaba e está na chamada «carretera». E a praza, casualidades da

vida, recibiría tamén o nome de praza do Coronel Pena, en homenaxe de Vilalba o 23 de febreiro de 1947 ó seu fillo —nomeado fillo predilecto o 20 do mesmo mes e ano— meu avó, Manuel Pena Vidal, praza na que tamén acabariamos vivindo nós, na chamada no século XIX —segundo refire Antonio Peña na súa excelente monografía— «Casa Grande de Taibo», recibida pola miña nai en herdanza de Romana Freire, cuxo pai Antonio Freire Taibo, alcalde de Vilalba no ano 1854, herdou á súa vez da súa nai Juana Taibo, filla do Señor de Cazás Diego Taibo, casada co notario vilalbés Bernardo Freire de Andrade. No mandato do alcalde Antonio Freire foi plantada a Pravia e erixiuse a fonte situada diante do antigo concello.

Ascendentes todos que, como se ve, tiveron unha vida participativa na comunidade vilalbesa entretecendo por iso a microhistoria de Vilalba, e entre os que destacaría, non para vangloriarme, xa que é mérito seu, pero si con verdadeiro orgullo, as aportacións de dous deles. Ámbolos dous procedentes da Vilalba rural, na que aínda se ía camiñando ás segas a Castela, e ambos feitos a si mesmos. Refírome ós meus avós Manuel Pena Vida e Agustín López Arias.

O coronel Pena, cuxa praza en Vilalba é máis coñecida como praza dos Ovos, que froito da súa bonhomía, tolerancia, intelixencia natural e equilibrio emocional e ata de heroico altruísmo, por riba das tremendas presións e turbulentas paixóns que sacudiron as retagardas na Guerra Civil, logrou desempeñar nela a Comandancia Militar en Vilalba co acerto que parecía presaxiar o seu nacemento na aldea descrita, por Chao Ledo, como

«Tardade, niño de amores,
onde a pombiña descansa,
doce e mansa,
co ramalliño da paz
entre escuras carballeiras,
cabo das ledas ribeiras
que lambe o fondo Trimaz»

Por esta razón, malia recoñecer as propiedades nutritivas dos ovos, non deberían, nunca, estes ningunear o poder pedagóxico e maxistral de empregar un nome asociado ó exercicios daquelas virtudes cívicas que, nun momento tan tráxico da nosa historia, protexeu de maneira excepcional os bens máis esenciais dos vilalbeses, a pesar da súa discrepancia ideolóxica.

Á protección tamén dos vilalbeses, pero agora ante o desvalememento producido pola enfermidade ou a vellez, dirixiu toda a enerxía o meu avó Agustín, nos dez anos que ostentou a presidencia do Padroado do Hospital Asilo de Vilalba, emprendendo a reanudación das obras o trinta de decembro do ano 1923 —obras iniciadas o 1 de xuño de 1910 baixo a o mandato do alcalde Andrés Basanta pero paralizadas, no ano 1914 por mor da Primeira Guerra Mundial, por falta de recursos, deficiencia que xa provocara que as obras foran suspendidas nun estado incipiente— recabando constantemente fondos, en América e España, para facer aquelas obras posibles; vixiándoas día a día ata o seu remate, na procura da idónea construción do Hospital Asilo para que, segundo prescribían as diversas contratas textualmente: «a mestura fose nas debidas condicións», «a pedra ben limpa», «a cantería e a madeira de primeira», «os pisos parezan dunha peza». Inaugurándoas oficialmente coa asistencia do bispo e do gobernador civil de Lugo o día 2 de setembro de 1931, aínda que o seu funcionamento se suspendese porque as ordes relixiosas a cuxo cargo, estatutariamente, aquel quedaba, negáronse a desprazar os seus membros á expectativa dunha lexislación que prohibiría a estas rexer os establecementos de beneficencia particular. E dedicando aquela enerxía, tamén e por último, a defender tenazmente a adscrición do edificio construído á finalidade perseguida, polos estatutos fundacionais e os donativos realizados, de dotar a Vilalba cun hospital asilo e non cun instituto, como pretendían, loablemente tamén, outros vilalbeses liderados polo alcalde e todas as forzas vivas —Notario, Rexistrador, Xuíz á cabeza— integrantes todos, como os chamaba meu avó, un home

de estudos básicos, de «esa culta comisión» que, ante a oportunidade de contar cun instituto para Vilalba, sempre que houberse un edificio axeitado, puxeron os seus ollos no modélico edificio construído baixo a Presidencia do meu avó, para, baseándose naquela mesma natureza paradigmática, excepcionalísima para aquela época —portas de castiñeiro, chan de pinotea, calefacción, baños e auga corrente— ofrecerllo ó Ministerio; motivo polo cal, o meu avó dimitiu o 14 de novembro de 1933 porque «si mis ruegos y peticiones fueron para la construcción del Hospital Asilo, no quiero que se me atribuyan culpas al cederlo para otro fin, de esta forma no entorpeceré por más tiempo a la culta comisión aunque no supieron ahondar en nuestros sentimientos», como reza a súa carta de renuncia irrevogable do 14 de novembro de 1933, que a remata facendo constar que «mi trabajo para el perfeccionamiento de la instrucción se puede ver en donde se construye alguna escuela iniciada por los “americanos”... y para que el instituto fuese una realidad ofrecí 1.000 Pts anuales mientras mis hijos estudiasen en esta localidad, siempre que se instalase en otro edificio»

Malia a gran pena do meu avó por ver frustrada a súa obra, esta, como se ve, non foi baldía. O edificio con tanto mimo construído foi necesario para poder dotar a Vilalba dun instituto e ó deixar de funcionar este, durante a Guerra Civil, foi hospital de sangue, e despois asilo de anciáns, e ademais, sen os bos oficios de don Manuel Fraga, por laboriosa e tenaz insistencia de Pepe Leira, para anular a súa eliminación como asilo —e a conseguinte confusión do seu patrimonio no da Beneficencia Provincial, anulación constitutiva dun auténtico privilexio no sentido xurídico máis estrito— non fora posible convertelo, por esa constante e descomunal obra de Pepe Apenela —Presidente do Padroado desde hai máis de corenta anos— ampliando o edificio e as súas prestacións a un nivel óptimo, na magnífica residencia para maiores que actualmente Vilalba posúe.

Para o sosego de todos os oíntes anuncio que vou rematar. Antes quero dicir que aínda que o meu sangue sexa multiseccularmente vilalbés —como tratei de demostrar, abusando da vosa paciencia, para deixar as cousas claras— con todo, moralmente, non é este o lazo que máis me liga a Vilalba, xa que se para o ser humano non hai lazo máis forte có amor, un debe ser da terriña que máis ama. E Vilalba é o sitio onde os Pena teñen o seu corazón, tal e como meu pai manifestou xa no seu testamento espiritual outorgado o día 30 de agosto de 1986, ó final do seu discurso pronunciado como mantedor do Certame. Herdanza de amor a Vilalba que recibimos todos os seus fillos, sendo a miña nai fiel custodia desa derradeira vontade de orde espiritual contida nesta única cláusula «El amor de mis amores, Dios; mi honor, España; mi gloria, Galicia, mi corazón, Villalba!»

VIVA VILALBA!

VIVA SAN RAMÓN!

VIVAN AS RAÍÑAS E AS PRINCESIÑAS!

MOI AGRADECIDO A TODOS! ATA SEMPRE!

Vilalba, 30 de agosto de 2008